



ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE GALEGA DE NEUROLOXÍA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E PROXECTOS CONXUNTOS

En Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2017

REUNIDOS/AS

Dunha banda D. José María Prieto González, con DNI: 33.228.334G, como Presidente da Sociedade Galega de Neuroloxía, SGN (de aquí en diante), con CIF: G15155526 e domicilio a efectos de notificacións na Centro de Negocios Vigo, Praza de Compostela, 23, 36201 Vigo, Pontevedra

Doutra banda, Dona Rosa M^a Villar Cordovés con DNI: 36052776T, como Presidenta da Federación Galega de Esclerose Múltiple, FEGADEM (de aquí en diante) con CIF: G32416471 e domicilio a efectos de notificacións en Rúa Queixume dos Pinos, S/N, Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para asinar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Sociedade Galega de Neuroloxía, SGN, é unha organización científica sen ánimo de lucro fundada en 1985, que desenvolve a súa actividade en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. As súas liñas de acción céntranse en, fomentar o avance no estudo das enfermidades neurolóxicas, do seu tratamento e prevención, tanto nos aspectos científicos do Medicamento como desde o punto de vista social. Promover o estudo das necesidades da atención neurolóxica en Galicia, facilitándolle á Administración os resultados obtidos. Colaborar coa Administración na mellora das condicións de desenvolvemento profesional dos neurólogos galegos nos diferentes aspectos que abarcan as súas actividades. Fomentar a interacción entre os profesionais da neuroloxía e dos sectores da sociedade que poidan estar relacionados con ela, así como a colaboración e a cooperación entre eles para a promoción, progreso, estudo e coñecemento científico e práctico da Neuroloxía. Defender os intereses dos neurólogos en situación relacionadas coa especialidade.

SEGUNDO.- Que a Federación Galega de Esclerose Múltiple, FEGADEM, é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás entidades específicas para a atención a persoas con esclerose múltiple da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a súa "finalidade garantir a calidade de vida das persoas afectadas por esclerose múltiple, e das súas familias ou referentes", poñendo en marcha mecanismos que favorezan a agrupación das persoas afectadas de Esclerose



Múltiple en Galicia, sensibilizando á opinión pública, ás administracións e autoridades sanitarias acerca da problemática persoal, social, emocional, asistencial e familiar que pode provocar padecer esta enfermidade e estimular e promover a investigación científica en todos os seus niveis, así como fomentar a docencia das/os profesionais relacionados coa mesma, para mellorar as posibilidades terapéuticas e de rehabilitación.

TERCEIRO.- Que ambas entidades compartan un papel relevante no traballo de prevención, promoción e atención ás persoas afectadas de Esclerose Múltiple, dende as diversas disciplinas implicadas na atención integral, polo que resulta de interese para ambas as partes establezan un acordo marco de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Finalidade do acordo

O obxecto deste Acordo marco é establecer as bases polas que rexerá a colaboración entre a SGN e FEGADEM, para a posta en marcha e desenvolvemento de medidas de difusión e sensibilización sobre a enfermidade da Esclerose Múltiple, na nosa comunidade autónoma.

SEGUNDA: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán os colectivos de profesionais membros da SGN e de FEGADEM, así como as persoas asociadas nas entidades federadas de FEGADEM que padezan esclerose múltiple, as súas familias, e referentes por ser sobre as que se basean as súas intervencións, estudos e investigacións.

TERCEIRA: Propostas xerais de colaboración

Ambas entidades comprométese a participar e colaborar activamente nas actividades e proxectos que se acorde establecer e que irán encamiñados, en termos xerais a:

1. Fomentar o intercambio de información e apoio técnico no eido da Atención integral, sobre o perfil e as necesidades do colectivo de persoas con Esclerose Múltiple.
2. Promover as alianzas oportunas para o deseño e desenvolvemento de programas e proxectos conxuntos que compran cos obxectivos estratéxicos de ambas entidades.
3. Promover a colaboración entre os profesionais de ambas organizacións para promover o coñecemento mutuo en todas as áreas que se consideren de interese.
4. Buscar fórmulas para mellorar a calidade de vida das persoas destinatarias do obxecto do presente acordo, a través de recursos, estratexias e metodoloxías de intervención axeitados e adaptados.
5. Colaboración nas actividades/xornadas de formación, sensibilización e información que se poñan en marcha dende algunha das partes implicadas neste acordo, facilitando a participación dos/as profesionais especialistas de ámbalas dúas entidades e das súas respectivas entidades membros que formen parte do presente acordo marco, de cara a promover as súas actividades, servizos, visión e filosofía.
6. Promover a posta en marcha de cantas actividades de investigación e innovación consideren oportunas a fin de coñecer mellor a situación actual e a evolución das persoas con esclerose múltiple entre os respectivos colectivos e a participación dos profesionais

especialistas na materia, posibilitando o recoñecemento e aval científico da SGN para aquelas actuacións de FEGADEM que poidan xurdir.

7. Promover a elaboración, publicación e difusión de materiais (de sensibilización, difusión, de boas prácticas, recomendacións...) que se consideren axeitados para algún dos grupos destinatarios deste acordo.

CUARTA: Protección de datos e confidencialidade

As partes asinantes arbitrarán todas as medidas que sexan precisas para a debida custodia dos datos ós que teñan acceso e á confidencialidade no seu uso, nos termos que establece a Lei orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal.

QUINTA: Seguimento e avaliación do acordo

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, así como para facilitar a elaboración de convenios/contratos específicos e o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta de seguimento, composta por dous representantes da SGN e dous de FEGADEM. Esta comisión reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano o cando unha das partes o solicite.

Á Comisión Mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

1. Propoñer posibilidades de colaboración en temas de interese común.
2. Preparar os convenios específicos de execución do presente Convenio Marco sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula primeira.
3. Realizar o seguimento dos Convenios Específicos que se subscriban, así como aclarar ou decidir cantas dúbidas poidan plantexarse na súa interpretación e execución.

SEXTO: Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá un período de vixencia de 12 meses, renovándose automaticamente por acordo tácito, salvo denuncia expresa de algunha das partes asinantes mediante comunicación por escrito con dous meses de antelación á finalización do ano natural de vixencia do convenio.

O acordo obriga ao cumprimento do expresamente pactado, e as partes sométense ao acordado en todas as estipulacións. Como proba de conformidades, as partes intervintes asinan por triplicado este Acordo no lugar e data que se sinala ao inicio.



D. José María Oscar Prieto González
Presidente SGXX



Dna. Rosa María Villar Cordovés
Presidenta Fegadem



FEGADEM
FEDERACIÓN GALLEGA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE
CIF: G32416471